



## PEZA DO MES

febreiro

2011



**ÁLBUM DA COMISIÓN PROVINCIAL DE  
MONUMENTOS DE OURENSE. 1895**



BALDAQUINO DO MOSTERIO DE OSEIRA

*Álbum de los Monumentos históricos y artísticos de la provincia de Orense. Comisión Provincial de Monumentos de Orense. 1895*

*A fotografía constitúe un exercicio científico e artístico de primeira orde. Por ela vivimos máis, porque miramos máis e mellor. Grazas a ela, o rexistro furtivo dos nosos recordos convértese en copioso álbum de imaxes... A vida pasa, pero a imaxe queda.*

Santiago Ramón y Cajal

A defensa e a divulgación do patrimonio histórico-artístico e monumental de Ourense son obxectivos preferentes na labor da Comisión Provincial de Monumentos. Ésta preocupación por conservar os monumentos da provincia reflíctese noutras actividades desenvolvidas pola Comisión: Biblioteca, Museo, Boletín, exploracións arqueolóxicas, visitas de estudo... A sensibilidade mostrada pola Comisión no seu afán por investigar e divulgar a nosa riqueza artística, materialízase no encargo aos señores Amor e Hermida da selección dunha serie de fotografías para facer un álbum cos monumentos da nosa cidade e provincia (Catedral, S. Francisco, Ponte Maior, Mosteiro de Celanova, Ribadavia, Sto. Estevo de Ribas de Sil, Oseira, Monterrei, Sta. Comba, San Pedro de Rochas, Ramirás, Augas Santas, Serantes,

Allariz, Xunqueira, etc.) e distribuílo entre os estudosos do noso pasado histórico.

O primeiro Boletín, publicado en 1898, inclúe un artigo titulado *El Álbum de la Comisión*, coa relación das 59 vistas fotográficas de tamaño 18 x 24 cm, que recolle o seu sentir: *“Comprendiendo la Comisión de Monumentos la utilidad que reportaría coleccionar vistas fotográficas de los principales monumentos históricos y artísticos que existen en la provincia, muchos de ellos de extraordinaria importancia, y algunos por su ruinoso estado próximos a desaparecer, acordó en sesión de 11 de Diciembre de 1884 la formación del Álbum, que, por absoluta carencia de recursos, no pudo entonces llevar a cabo. Reproduciendo el acuerdo en 11 de Agosto de 1891, se nombró una sub-comisión que se encargara de ejecutar los trabajos necesarios al efecto, a los cuales se dio feliz término en Noviembre de 1895”*.

O libro de actas da Comisión recolle na sesión de maio de 1895 *“Satisfecho al sr. Martino por clichés y copias de las vistas recogidas de las Yglesias de Serantes y Aguas Santas[...] 171. Al vocal de la Comisión Sr. Hermida, por gastos en sus viajes, acompañando al Sr. Martino[...] 22 pesetas”*. Nesa mesma sesión menciónanse tres exemplares de vistas fotográficas sacadas polo Sr. Martino que se envían –unidas ás anteriores– a Barcelona para a súa encadernación.

Na sesión de 7 de novembro de 1895 Benito F. Alonso, secretario, achega a conta presentada polo Sr. Martino dos gastos de remisión, porte e encadernación dos dez exemplares do Álbum, que ascende a 229, 2 pesetas. A continuación xorde un pequeno debate relacionado coa distribución das dez copias, intervindo o Sr. Hermida, quen dixo que non debe *“limitarse el trabajo de la Comisión a la reproducción fotográfica de los monumentos notables de la provincia sino que deben ser estudiados estos en sus detalles con el fin de completar algún día el trabajo con una reseña histórica y artística de aquellos”*, e pide que os álbumes sexan para os vocais da Comisión e que prosigan o estudo comezado, ao que o Sr. Amor resposta que é dabondo con dous exemplares para todos e propón que outros se destinen ao *Museo Arqueológico* de Madrid, ao *Centro Gallego* da Habana, ao Bispo da diocese e a Escola de Artes e Oficios da capital. Finalmente, a proposta do Sr. M. Macías, a Comisión acordou reservar un álbum para a Secretaría e entregar un exemplar aos membros que colaboraron na elaboración: Pereiro Rey, M. Macías, A. Crespo e M. Hermida, pois Amor renuncia ao seu en disconformidade co reparto, pasando este ao secretario. Outras copias se enviarían á Real Academia de San Fernando e á Real Academia da Historia.

Quedou así mesmo acordada a remisión dun exemplar á Exposición Rexional de Lugo de 1896 para o que se lle construíu unha caixa con pechadura a fin de que non sufrira deterioro nas viaxes. Resultaría premiado con Diploma e Medalla de Prata.



CATEDRAL DE OURENSE. PORTA SUR

O Museo conserva dous exemplares aínda que incompletos e con algunha fotografía solta montada sobre paspartú diferente pois os das fotos encadernadas están timbrados con *Fotografía Artística. Alba 18, Orense* e nos soltos aparece *Fotografía Artística. Alba 9, Orense*, onde sabemos que tivo estudo José Guedes de Sousa Pacheco. A razón do cambio queda reflectida nas actas da Comisión de 1899: *“La Comisión, teniendo en cuenta el estado de visible deterioro en que se halla el Album[...] acordó se encargue al señor Pacheco un ejemplar de cada una de las vistas que lo constituyen y una colección de cartulinas impresas en que puedan colocarse en lo sucesivo las nuevas vistas que se tomen cuando llegue la máquina fotográfica que acordó adquirir la Comisión”*.

O traballo de Pacheco custou 147 pesetas e a máquina –que se perdeu no incendio de 1927– 226 pesetas. En 1898 acordaron mercala para tomar imaxes nas excursións dos comisionados para o estudo dos monumentos e a súa publicación no Boletín e aforrar gastos, pois ao facerse acompañar dun fotógrafo *“como se practicó al formar el Álbum”* resulta moi custoso.

Non se conservan os *clichés* do Álbum que en 1896 recollera o secretario da Comisión.

Nas actas da Comisión de 1896 e 1897 consta a compra de papel timbrado en litografía, sobres e obxectos de escritorio a *D. Cándido Martino*. Do *Sr. Martino*, fotógrafo, xa non teremos máis noticias.

O fotógrafo Martino é para nos un perfecto descoñecido. Consultamos a F. Espino, director do Arquivo Municipal e averiguamos que no padrón de veciños de Ourense do ano 1894 aparecen residindo na rúa de Alba nº 31: Cándido Martino López, de Torrox (Málaga) de 24 anos, comercial, solteiro, que leva tres anos en Ourense e José Martino Medina, tamén de Torrox, de 42 anos, empregado, que leva dez anos en Ourense e a súa familia: a muller, Pilar Tomé Martín, de Madrid, de 34 anos, que leva dez en Ourense e as fillas Josefa, Estrella, Adelaida e Pilar Martino Tomé. Tamén convive Leonor Iglesias de Ourense de 26 anos. Estaban en réxime de aluguer, o propietario era Tomás Fábrega.

O investigador R. Salgado nos informa que retrocedendo no padrón atopamos en 1888 a un fotógrafo chamado Conrado Tomé Martín, posiblemente cuñado de José Martino. Nese mesmo padrón aparece un José “Martínez” Medina de Málaga de 35 anos residindo en Alba, 16 baixo, con Pilar Tomé e Martín, de Madrid, de 25 anos. É evidente que se trata da mesma persoa. Pero un ano despois, en 1889, sorprende ver no estudo –A luz Universal– que o fotógrafo Francisco Prieto ten na rúa Pelayo nº 20, empadroados a Conrado Tomé e Pilar Tomé (esposa de Martino?).

Conrado Tomé estivo asociado a Santamaría, despois a Garita e máis tarde abriu estudo con Pacheco; nos anuncios de prensa de 1889 están en Pelairo nº 20 e no ano 1891, na rúa de Alba, 18 (a mesma dirección dos paspartú).

Entre os portfolios fotográficos –seleccións de imaxes agrupadas en caderniños tipo álbum, de medio e gran formato, comercializados a baixo prezo en pregos ou encadernados– destacamos o editado por Pedro Ferrer en 1904 co título *Portfolio de Galicia*. A maior parte das fotos foron realizadas por el mesmo e tivo un gran éxito comercial tanto en terras galegas como na emigración americana mostrando unha variada selección de vistas, tipos e monumentos, sempre acompañados de pequenos textos escritos por recoñecidos autores. As imaxes referidas a Ourense, e que aparecen firmadas por Pacheco, son na súa maioría copia das que Martino fixo para o Álbum.


Tamén atopamos un exemplar do ABC de 1909 relatando a matanza que se produciu no mosteiro de Oseira por mor da defensa do baldaquino, ilustrado coa foto que aparece no Álbum e que aquí firma Fot. Pacheco. Éste tamén vai a colaborar no Boletín da Comisión, nacido co propósito, entre outros, de estudar os obxectos adquiridos para o Museo e a *“descripción de monumentos, como complemento del Álbum Fotográfico mandado hacer por la Comisión y de otros que no figuren en el”* pois, como recolle F. Fariña nos seus escritos *“Serán os homes da Comisión os que nucleen un movemento cultural importante[...] que favorece a chegada de informacións literarias, arqueolóxicas e históricas”*.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na **nova páxina web**:  
<http://www.musarqourense.xunta.es>

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a proto-historia ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

**Teléfono** : 988 230 430

**O horario de visita é o seguinte:**

martes a sábado: 9.30 a 14.30h

16.00 a 21.00h

domingo: 9.30 a 14.30h

luns pechado

## Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002. Ourense.

**Teléfono**: 988 223 884

**Horario de atención ao público**: de luns a venres, das 9.30h ás 14.30h e das 16.00h ás 20.30h

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: María del Pilar Núñez Sánchez.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego.

ISSN: 1579-9956

Depósito legal: VG 97-2004

Museo Arqueolóxico

XUNTA  
DE GALICIA